

IL SEGRETO DI
SUSANNA





IL SEGRETO DI SUSANNA

Música de Ermanno Wolf-Ferrari

Libreto de Enrico Golisciani

Produción dos Amigos da Ópera de Santiago de Compostela

Patrocinan



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Colaboran



VICERREITORÍA DE ESTUDANTES,
CULTURA E RESPONSABILIDADE SOCIAL

FICHA ARTÍSTICA

Condesa Susanna – Clara Jelihovschi Panas

Conde Gil – Javier Franco

Un criado – Cándido Pazó

Dirección de escena – Cándido Pazó

Escenografía – Carlos Alonso

Iluminación – Afonso Castro

Taller Atlántico Contemporáneo

James Dahlgren: violín

Nazaret Canosa: violín

Ioana Ciobotaru: viola

Millán Abeledo: violoncello

Alfonso Morán: contrabaixo

Nicasio Gradaílle: piano

Diego García Rodríguez: dirección musical

Ilustradora: Maru Astray

DE SEGREDOS, VICIOS E CELOS

Non é cuestión de mergullarse en transcendentais debates e enfrontamentos entre o vicio e a virtude, a postura aristotélica da súa orixe racional ou máis ben a socrática cognitiva... Non, non é este o caso. Quizais, máis que xirar en torno ao *vitium* latino, *Il segreto di Susanna* verse en torno á intimidade. Un recóndito espazo do noso ser no que podemos liberarnos de ataduras e obrigas sociais para acadar aquela "independencia interna" da que falará Alma Mahler anos despois. Pero tamén dos celos que turban un amor inocente cunhas sospeitas que medran, exacerbadas, ata a desesperación. O gran Cervantes dirá que "os celos xéstanse entre os que ben se queren, do aire que pasa, do sol que toca e aínda da terra que se pisa"... e aínda engadiríamos máis: do fume que exhala.

Trátase esta dunha ópera cómica nun acto. Un *tour de force* dun pequeno segredo que vai medrando á par que a inseguridade e a desconfianza de Gil, o marido de Susana; un matrimonio novo que reside no noroeste italiano de Piamonte. A xove moza omitiu comentarlle ao seu recente esposo que tiña un hábito insalubre... e fuma agochada! Gil, pola súa parte, decátase do cheiro e pensa que a súa doce dona élle infiel. Inquedo, trata de pescala *in fraganti* desenvolvendo case unha escena de *vodevil* na que o seu mordomo, Sante, cómplice de Susana, xogará un papel fundamental. Como vemos, un segredo, un vicio e moitos celos, aínda que abordados de xeito inxenuo e sinxelo.

Resulta difícil, atendendo ao argumento, ás personaxes e ata ó tratamento lírico, non mencionar o *intermezzo* que abriu paso a un novo xénero operístico, *La serva padrona* (Pergolesi, 1733), coa que comparte grandes similitudes ademais do servinte mudo, da brevidade da obra e, por suposto, do carácter eminentemente cómico. De feito temos constancia da interpretación conxunta, aquí en Galicia, de *La serva padrona* e *Il segreto di Susanna*, en Pontevedra no ano 1955 por parte da Sociedade Filharmónica desa mesma cidade. Deste xeito, non sería imprudente afirmar que *Il segreto di Susanna* constitúe unha evolución do xénero, dando un salto cualitativo e estilístico dende o século XVIII ata os inicios do XX.

Con libreto do napolitano Enrico Golisciani (1848-1919) e música de Ermanno Wolf-Ferrari (Venecia, 1876-1948), esta ópera foi estreada no Hoftheater de Múnic un 4 de decembro de 1909. En España, non será ata febreiro do ano 1918 cando se estree no Teatro Real e acade excelentes críticas.

Fillo de nai italiana e pai alemán, Ermanno Wolf-Ferrari vivirá toda a súa vida entre os dous países. Nun primeiro momento tentando seguir os pasos do seu proxenitor, o pintor Augusto Wolf, mesmo ingresando na Academia de Belas Artes de Roma (1891-1892) e na de Múnic (1892). Será precisamente na capital bávara onde se decante finalmente pola música, aínda que de neno non demostrara demasiada paixón por esta arte. De xeito que entre 1892 e 1895 ingresa na Akademie der Tonkunst daquela cidade. Múnic será sempre o seu refuxio; o abrigo dende o cal afrontar as críticas e retornar con forza ás súas composicións.

Co corazón dividido entre a Alemaña paterna e a materna Italia, comezará a perfilar pouco a pouco un estilo propio herdeiro destas dúas tradicións musicais. Mozart, Verdi, Rossini... se mesturan nun combinado cuxo resultado é

unha proposta fresca e orixinal. E, aínda que se lle recoñece como compositor de ópera cómica, o seu corpus está configurado por ópera seria, música sinfónica, de cámara e mesmo algún oratorio.

Desenvolverá unha interesante labor docente desempeñando importantes cargos ao longo da súa vida: entre 1903 e 1909 é director do Liceo Musicale Benedetto Marcello de Venecia, e dende 1939 ata 1945 será profesor de composición no Mozarteum de Salzburgo. Entre os seus discípulos figuran nomes coma Adriano Lualdi ou José Lassalle e o seu sobriño terá unha especial relación con Galicia. Gran especialista en ópera, Manno Wolf-Ferrari (1911-1994), director do grupo de cámara da Orquestra Sinfónica de Madrid, acudirá na década de 1960 ao fronte de dita agrupación para celebrar os Festivais de Ópera de Vigo, organizados conxuntamente polos Festivais de España e os Amigos da Ópera, que chegaron a desenrolar unha plausible actividade operística no seu momento.

A Ermanno Wolf-Ferrari custoulle facerse un oco nas salas de concertos e teatros italianos. Nisto influiría tamén o seu particular estilo compositivo, de clásico recendo, afastado das novas vangardas que se espallaban por Europa. Xa dende o ano 1900 será duramente criticado por la *Cenerentola* pero aínda así, non se deixaría amedrentar. Probou sorte con *Il segreto di Susanna* en Alemaña, precisamente en Baviera, acadando un gran éxito que o catapultaría a Nova York en 1911. O seu nome comezaba a ter sona mundial e esta obra que hoxe nos atangue aterraba en Chicago, Viena e, ao fin, na Italia de orixe, representándose no, anteriormente chamado, Teatro Costanzi de Roma.

Pero aínda que falemos de comicidade e dun argumento máis ben superfluo, o espectro musical ofrece unha gran riqueza estilística que conxuga a tradición operística italiana, coas novas sonoridades que estaban a confluír na Europa de comezos do século XX, principalmente no que ao colorido tímbrico se refire. O estilo compositivo de Ermanno Wolf-Ferrari irrompe con enerxía xa dende a obertura. Unha melodía áxil, viva e graciosa percorre, pizpireta, o espectro sonoro da orquestra de cámara a través das distintas liñas melódicas que se entrelazan e dialogan. Todo cambia cos acordes tensos ascendentes que posteriormente descendentes nos violíns coma unha cascada xusto cando entra Gil, preocupado polo estraño comportamento da súa dona.

Aí comeza a divagación de Gil, onde a orquestra, coma un elemento máis da escena, enfatiza e enriquece os sentimentos contrariados do marido que, coma os seus pensamentos, acadan cotas de máxima tensión ("*e cresce cresce... si fa gigante...*") ao igual que decaen e se entenrecen co piano de fondo. O cémbalo que toca Susana no cuarto contiguo pasa a formar parte da acción subliñando o momento de maior dúbida do esposo e que dará paso á tristura, cunha melodía lírica na corda de gran beleza.

Comeza a conversa entre ámbolos dous cuns acordes estáticos e tensos na corda que culminan co "*Si, sí, vi do ragione*" onde Gil nos brinda un momento de gran lirismo enxalzando a pureza da súa dona pese "a sombra dunha dúbida hostil", que o atormenta. Trala irrupción de Sante, onde aparecen as cordas no seu rexistro grave, a conversa volta a retomarse lembrando a época de bucólico namoramento, onde -na versión orixinal- unha frauta primeiro, e un arpa despois, por riba do conxunto, axudan a crear esta atmosfera que culmina cun apaixonado dúo da parella.

Todos aqueles recordos esfúmanse e, de novo o recendo a tabaco volve turbar a calma de Gil. Os trémolos nas cordas axudan a poñer entre a espada e a parede a unha Susana que dubida se confesar ante a insistencia do seu esposo. Acadamos así un momento de gran tensión e violencia vogal entrambos en "*Scellerata! da tua madre andrò tosto a reclamare!*". Unha discusión tensa e acalorada salientada polo elenco instrumental que, con ascensos e descensos cromáticos e melodías sincopadas, outorga o dramatismo necesario a unha escena na que, para o único que se poñen de acordo é para rematar xuntos coa sentenza: "*E sarà quel che sarà!*".

Un fragmento instrumental melódico constitúe un respiro, o sosego ante tanta axitación de sentimentos. Non durará moito a calma, entroncando coas ansias de vinganza de Gil ante unha Susana que chega conciliadora e arrepentida. Comeza entón unha sentida aria, sobre un pasaxe en pizzicato e cunha fráxil e aguda melodía subxacente, que entenrece o corazón de Gil aínda que non o afasta do seu obxectivo: coller por sorpresa a Susana e ao seu suposto amante.

Aproxímase o cumio de máxima tensión coa chegada inesperada do esposo á casa, mentres Susana pretende desfrutar do seu momento íntimo. A axitación remarcada no ritmo así nolo deixa entrever. Gil enfurecido busca por todas partes ao suposto causante do seu delirio sen atopalo e, finalmente, marchando coa promesa de atrapalo. Ela, estrañada pero ao fin relaxada pola súa marcha, dispónse a deixarse levar polo seu pracer inconfesable. O violín, coma o fume do cigarro, ascende e descende, debuxando liñas sinuosas que engarza Susana cunha aria apracible e de gran fermosura.

Irrompe Gil, de novo, sobresaltando a Susana, que finalmente confesa o seu vicio, o que provoca as desculpas da parella que terminan por fumar xuntos e rematar coa feliz aria "*Tutto è fumo a questo mondo, che col vento si dilegua*".

En definitiva, un final vaporoso coma o fume, para unha obra desenfadada aínda que non por iso banal. A importancia desta ópera hai que entendela no seu momento: o ano en que Mahler remataba a súa *Sinfonía número 9* e moitos outros compositores abríanse paso a novas linguaxes, Wolf-Ferrari deu en loitar ata conseguir facerse un oco na historia da música cun estilo propio e apenas renovador para o momento, e tamén con respecto ao xénero musical en si mesmo. Aínda así, estamos ante unha ópera pouco representada pese a todas as vantaxes que nos brinda; outro elemento máis que pon en evidencia a gran sorte que temos de poder gozar deste delicioso segredo en Compostela.

Beatriz Cancela Montes

CLARA JELIHOVSCHI PANAS - Soprano



Nada en Trifáuti (Moldavia), realizou amplos estudos como Solista de Canto, Pianista, Directora de coro e Profesora de linguaxe musical en Moldavia, no Conservatorio Estatal “Stefan Neaga” de Chisináu. Tras a súa graduación en 1994, continuou coa súa formación en Romania, na Universidade de Música de Bucarest, onde obtivo Título Superior en Canto e Máster de Solista.

Completados os seus estudos, deu os seus primeiros pasos como profesional na Filarmónica “George Enescu”: como membro do Coro da Filarmónica e tamén como Solista, alcanzando en breve período de tempo un

merecido prestixio. Ofreceu numerosos recitais cun amplo repertorio, acompañada por piano e pola Orquestra da Filarmónica.

Entre os anos 2000 e 2004, forma parte da “Operetten Bühne” de Viena, coa que levou a cabo numerosas xiras por Alemaña, Austria, Suíza, Holanda, Xapón, China e Francia. Participante destacada en Concursos e Festivais, cantou baixo a dirección dos Mestres S. Comissiona, C. Mandeval, A. Sunshain, I. Wehner, I. Prunner.

No ano 2007 a familia de Clara trasládase a España. A partir de entón e até a actualidade, dá recitais como solista, - con piano e acompañada polos Coros Madrigalia, Follas Novas, El Eco, Ensemble Iulius XIII -. Tamén colabora coa pianista Ludmila Orlova e os seus grupos de cámara nos ciclos da Deputación da Coruña e intervén acompañada pola Banda Municipal da Coruña no Palacio da Ópera con programa de Zarzuela. En 2008 participa na Gala de Apoio á Candidatura da Torre de Hércules como “Patrimonio da Humanidade”: interpreta obras de Nani García e acompaña o propio autor.

Entre as súas recentes actuacións a destacar, o Concerto Benéfico de Ópera e Zarzuela no Teatro de Rosalía de Castro da Coruña, en marzo de 2015, que tivo gran éxito de público.

Asistiu a cursos de Interpretación Vocal impartido por Alberto Zedda e Renata Scotto en A Coruña. Ambos os Mestres encomiaron a técnica da cantante, a súa expresividade e capacidade interpretativa, valorándoa ao máximo nivel. Como consecuencia diso Clara foi convidada para participar como Sorella Cercatrice na ópera de G. Puccini “Suor Angélica ” dentro da Tempada Lírica de A Coruña do 2015.

De vocación docente, compaxina os seus concertos impartindo clases de canto en distintas escolas e institucións da Coruña.

JAVIER FRANCO – Barítono



Nace en A Coruña. Estudou na Escola Superior de Canto de Madrid e no Conservatorio Superior de Música do Liceu de Barcelona asistindo ademais a cursos de perfeccionamento con Alfredo Kraus e Renato Bruson. Na actualidade perfecciona a súa técnica vocal con Carlos Chausson. Gañou concursos Internacionais como o 'Viñas' de Barcelona, o Concurso Internacional 'Francisco Alonso' de Madrid, o 'Luís Mariano' de Irún ou o Rocca delle Macie' en Siena (Italia).

No curso da súa carreira traballou en teatros como o Teatro Real de Madrid, Teatre do Liceu de Barcelona, Palau de Les Arts Reina Sofía de Valencia, Teatro da Zarzuela de Madrid, Auditorio Nacional de Madrid, Palacio da Ópera de A Coruña, Teatro Campoamor de Oviedo, Teatro Comunale di Bologna, 'Verdi' di Sassari e Salerno (Italia), Sao Carlos de Lisboa, Bijloke Concert Hall en Gante (Bélxica), Bunkamura Orchard Hall de Tokio, Biwako Hall de Otsu (Xapón), colaborando con Mestres como Zubin Mehta, Jesús López Cobos, Guillermo García Calvo, José Ramón Tebar, David Parry, Donato Renzetti, Renato Palumbo, Steven Mercurio, Roberto Tolomelli, Reynald Giovaninetti, Miguel Ángel Gómez Martínez, Ramón Torrelledó, José Luís Temes, Maurizio Benini ou Pablo Mielgo.

Entre as súas actuacións operísticas destacan: *Un ballo in maschera* (Renato) no Teatro Campoamor de Oviedo; *Lucia di Lammermoor* (Enrico) no Palau Les Arts Reina Sofía de Valencia, en Graz (Austria), circuío Lírico lombardo en Italia, e no Palacio Euskalduna de Bilbao; *Le villi* (Guglielmo) no Liceu de Barcelona, Principal de Palma e Villamarta de Xerez; *Babel 46* de Montsalvatge no Teatro Real de Madrid; *La bohème* (Marcello) no Festival de Peralada e en A Coruña; *La fille du Regiment* (Sulpice) no Palacio da Ópera de A Coruña e Mallorca; *Faust* (Valentin) no Auditorio de A Coruña; *II barbiere di Siviglia* (Fígaro) no Teatro Sao Carlos de Lisboa; *Le Villi*, *La Traviata* e *II segreto di Susanna* no Villamarta de Jerez no Gran Teatro de Córdoba e Arriaga de Bilbao; *II trovatore* (Conte di Luna) en Italia; *O Arame* de Juan Durán no Festival de A Coruña; *Rigoletto* (Rigoletto) en Madrid; *Don Giovanni* (Don Giovanni) en Riga (Letonia); *María di Rohan* (Enrico) en Viena; *II trovatore* e *Luisa Miller* en Tokio co Teatro San Carlo de Nápoles; *L'elisir d'amore* (Belcore) no Palacio da Opéra de A Coruña e *La Traviata* (Germont) na Opéra de Rouen, na Opéra Royal du Chateau de Versailles e no Villamarta de Jerez. No seu repertorio tamén *Roberto Devereux* (Duca di Nottingham), *Pagliacci* (Silvio), *Luisa Miller* (Miller), *El centro de la tierra* (Gran sacerdote) e *El retablo de Maese Pedro* (Don Quixote) e os *Carmina Burana*.

O seu repertorio de zarzuela inclúe: *Jugar con fuego* (Marqués de Caravaca) no Teatro da Zarzuela de Madrid; *La del manojo de rosas* de Sorozóbal (Joaquín); *La rosa del azafrán* de Guerrero (Juan Pedro); *A fattucchiera* de V. Cuyás no Liceu de Barcelona; *Los Gavilanes* (Juan) e *El caserío* (Tío Santi) no Campoamor de Oviedo; *Pan y Toros* (Capitán Peñaranda) no Teatro Municipal

(Chile); *Katiuska* (Pedro) no Teatro Calderón de Valladolid e no Campoamor de Oviedo; *Marina* (Roque) en Palma de Mallorca; *O Mariscal* no Palacio da Ópera de A Coruña.

Entre os seus recentes e próximos compromisos atópanse: *La de Soto del Parral*, *La tabernera del puerto*, *El sueño de una noche de verano* de Gaztambide (Teatro de la Zarzuela); *La Traviata* e *Aída* (Teatre Principal de Palma); *Fuenteovejuna* e *La verbena de la paloma* en Oviedo; *Madama Butterfly* (Opera de Oviedo e Opera Pá Scáret de Suecia); *Poliuto* (Teatro Sao Carlos Lisboa); *II Segreto di Susanna* con RTVE e en Santiago de Compostela; *El caserío* (Teatros del Canal en Madrid; Teatro Campoamor de Oviedo; Teatro Arriaga de Bilbao); *Manon Lescaut* na ópera de Graz; *Cavalleria rusticana* (Ópera das Palmas); *Luisa Fernanda* en Bogotá e *Catalina* en versión concerto no Teatro de la Zarzuela de Madrid; *Don Pasquale* en ABAO; *La Traviata* en Jerez, e *Carmen* no Gran Teatro de Córdoba...

CÁNDIDO PAZÓ – dirección de escena

Autor e director teatral, actor e narrador oral.

Moitas da numerosas pezas escritas ou dirixidas por el teñen sido distinguidas polos galardóns máis significativos do teatro galego (Premios María Casares) e o teatro español (Premios Max) e a súa traxectoria profesional foi recoñecida polo Premio de Honra “Roberto Vidal Bolaño” da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia e polo Premio da Cultura Galega no apartado de Artes Escénicas.

Entre as súas pezas máis célebres, como director e/ou autor figuran *O melro branco* ou *A piragua* e nestes momentos ou recentemente ten en cartel *Memorias dun neno labrego*, *As do peixe*, *A casa do avó*, *Foucellas* e *O tolleito de Inshmaan*.

DIEGO GARCÍA RODRÍGUEZ - Director de orquestra



Os seus compromisos como director invitado comprenden orquestras, teatros de Ópera e festivais nacionais e europeos. A Real Filharmonía de Galicia, a Orquestra Sinfónica de Galicia, a Orquestra Sinfónica de Castilla y León, Orquesta Sinfónica del Principado de Asturias, Orquesta de Extremadura, a Orchestre des Pays de Savoie (Francia), a Akademicka Orkiestra Bydgoszcz (Polonia), o festival The two Moors (Reino Unido) ou a Orquestra Nova da OSG son algúns dos máis destacados.

No eido operístico destacan o seu debut como director musical no Teatro Real de Madrid con "Hansel und Gretel" de E. Humperdinck, "Rigoletto" na tempada Outono Lírico 2017 da Asociación de amigos da ópera de Vigo, "Carmen" de G. Bizet na "Opera Baltycka" (Gdansk/Polonia), a dirección musical da temporada 2015 da compañía donostiarra "Opus Lírica" cos títulos "Il barbiere di Siviglia" de Rossini e "Rigoletto" de G. Verdi ou as estreas mundiais de "It makes no Difference...", ópera de cámara do compositor Simone Spagnolo no festival "Tête à Tête" dos Riverside Studios de Londres e "Die Traumende Knaben" do compositor Torsten Rasch en Dartmoor (Reino Unido) así como a produción do Centro Dramático Galego "A Ópera dos Tres Reás".

O seu traballo como director asistente comprende teatros como o Liceu de Barcelona, Teatro Real de Madrid, Théâtre de Caen (Francia), Opéra Nantes-Angers (Francia), Opéra de Lausanne (Suiza) ou o Dartington Summer Festival (Reino Unido) cos Mestres Paul Daniel, Josep Pons, Nicola Luisotti, Diego Masson e Nicolas Chalvin.

Diego é o director artístico e musical do Taller Atlántico Contemporáneo (TAC), ensemble no cal desenvolve unha intensa actividade na difusión da música contemporánea e a súa interrelación con outras disciplinas artísticas a través de ciclos como "Os Seráns do TAC", estreas de obras de compositores actuais ou o proxecto "Land of Opportunity" co grupo Siniestro Total e o compositor Javier López de Guereña. Co TAC presentouse no Auditorio Nacional de Madrid, a "53ª Semana de Música Relixiosa de Cuenca" e no "Festival Internacional de Música y Danza de Granada" interpretando estreas mundiais dos compositores Klaus Lang e Sebastián Mariné. No 2013 o TAC recibiu os galardóns "Premios da Crítica Galicia" e o premio na categoría de Música clásica e Contemporánea nos "Primeiros Premios Galegos da Música" organizados pola rede de músicos ao vivo de Galicia.

Master (MA) en dirección de orquestra pola Zürcher Hochschule der Künste (Zürich, Suiza) ampliou a súa formación xunto ao Mestre Diego Masson nas edicións 2009 e 2010 da Dartington Summer School (Reino unido) e o ensemble "London Sinfonietta" seleccionouno para participar no seu primeiro programa de xoves directores "London Sinfonietta Academy 2010".

TALLER ATLÁNTICO CONTEMPORÁNEO

O Taller Atlántico Contemporáneo (TAC) presentouse en Marzo de 2010 na Praza do Obradoiro de Santiago de Compostela coa obra de Mauricio Kagel *Eine Brise*, para 111 ciclistas. Quixo reivindicar desde un principio a cercanía que a música contemporánea pode ter para o público actual así como a posibilidade de facer concertos con novos formatos.



No mesmo ano colocou un piano de cola no faro de Fisterra para interpretar íntegramente a obra de Erik Satie *Vexations*, 18 horas de piano ininterrompidas. No CGAC (Centro Galego de Arte Contemporánea) presentou un ciclo de seis concertos adicados á música de compositoras e compositores Galegos. Co grupo de rock Siniestro Total estrearon a Suite Suicida “Land of Opportunity” do compositor madrileño Javier López de Guereña.

En 2011 y 2012 organizaron na Cidade da Cultura de Compostela sendos ciclos de “Os Seráns do TAC” que incluían música contemporánea, humor e gastronomía e que contou con artistas como Carlos Blanco, Quico Cadaval, Julián Hernández, Diego Masson, Paul Daniel, e os restaurantes Pepe Solla, Eirado da Leña, Abastos 2.0, Culler de Pau e Yayo Daporta.

Outras das súas participacións máis destacadas son as do Auditorio Nacional de Madrid, as “Xornadas de Música Contemporánea” en Santiago de Compostela, a “53a Semana de Música Relixiosa de Cuenca” e o “Festival Internacional de Música y Danza de Granada”, interpretando estreas mundiais dos compositores Klaus Lang e Sebastián Mariné xunto coa obra “Rothko Chapel” de Morton Feldman.

En 2013 recibe dous importantes galardóns, o Premio Galego da Crítica (2013) e o Primeiro Premio “Martín Códax” (Premios Galegos da Música), na categoría de Música Clásica e Contemporánea. (2013)

O TAC é un grupo estable, de formación aberta e ten como director artístico a Diego García Rodríguez.

UNHA PRODUCIÓN DE AMIGOS DA ÓPERA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

IL SEGRETO DI SUSANNA

MÚSICA DE ERMANNO WOLF-FERRARI

LIBRETO DE ENRICO GOLISCIANI

CONDESA SUSANNA – CLARA JELIHOVSCHI PANAS

CONDE GIL – JAVIER FRANCO

UN CRIADO – CÁNDIDO PAZÓ

TALLER ATLÁNTICO CONTEMPORÁNEO

DIRECCIÓN MUSICAL – DIEGO GARCÍA RODRÍGUEZ

DIRECCIÓN DE ESCENA – CÁNDIDO PAZÓ

ARTWORK – MARU ASTRAY